

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3486230939049320768.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 26-2025 SUBV.BIORRESIDUOS XUNTA DE GALICIA

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTA XC 26/2025). APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN DA "SUBMINISTRACIÓN DE CONTENEDORES CON CONTROL DE PECHE ELECTRÓNICO DENTRO DAS AYUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO RELATIVO AO MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA DA UE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. CÓDIGO PROCEDIMIENTO MT975T («NEXT GENERATION EU»)"

- Vista RESOLUCIÓN do 2 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cociña usados e téxtiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación.

- Visto informe do xefe de servizo de Medio Ambiente, do 16.10.2025, con motivo da aprobación da Contratación da "SUBMINISTRACIÓN DE CONTENEDORES CON CONTROL DE PECHE ELECTRÓNICO DENTRO DAS AYUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO RELATIVO AO MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA DA UE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. CÓDIGO PROCEDIMIENTO MT975T («NEXT GENERATION EU»), expediente de TECOL Ref.: 2025/C004/000031", no que se pon de manifesto, entre outros o seguinte:

"... de seguido reflíctense as obrigas económicas do contrato proxectado segundo a estimación do reparto financeiro dos investimentos:

INVESTIMENTO	CUSTO SUBVENCIONABLE	APORTACIÓN 10% CONCELLO	APORTACIÓN 90% XUNTA	IVE	CUSTO TOTAL
Contedores de biorresiduos para a vía pública	220.830 €	22.083 €	198.747 €	46.374,30 €	267.204,30 €

- Vista providencia do 17.10.2025, asinada polo xefe de servizo de Medio Ambiente, Miguel Negral Fernández, de solicitude de tramitación dun expediente de modificación orzamentaria na modalidade de xeración de crédito, en base á referida resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

-Visto o informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, Ref.: 1603/2025, do 21.10.2025.

Considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, RESOLVO:

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3486230939049320768.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 26-2025 SUBV.BIORRESIDUOS
XUNTA DE GALICIA

Primeiro.- Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 26/2025), introducándose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

Tendo en conta o coeficiente de financiamento, a modificación realízase **referida unicamente ao investimento recollido na proposta do servizo de medio ambiente, sen prexuízo de posteriores expedientes de modificación orzamentaria na modalidade de xeración de crédito, no caso de seren propostas novas contratacións**, segundo o seguinte teor:

Observacións: Financiamento.

Xeración de crédito: 198.747,00 €.

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos de ingreso da Xunta de Galicia.-

Concepto	Código proxecto	Denominación	Importe
75080	25MRR17001	Outras transf.capital da Adm. Xeral Com. A	198.747,00 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores-

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Denominación	Importe
17000.60900	25MRR17001	Outros investim.repos. en infraestr. e bens U	198.747,00 €

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.